

TEMA 2 SOCIOLINGÜÍSTICA: A NORMATIVIZACIÓN. AS INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DA NORMA

As linguas son entidades vivas, sometidas a todo tipo de variacións (históricas, xeográficas, socioculturais...). As linguas desenvolvidas adoitan posuír unha variedade para as situacións formais, común a todos os seus falantes e cunhas regras coñecidas. É o que coñecemos por estándar. En Galiza, o verdadeiro proceso de estandarización é recente e froito dunha intervención planificada (na situación social e na propia lingua).

Mentres outros idiomas foron formando os seus estándares durante séculos nun proceso ininterrompido, no galego non podemos falar estritamente de elaboración espontánea do noso estándar ata as últimas décadas. Desde a época medieval, o galego descoñeceu a situación de normalidade que lles permitiu a outras linguas desenvolver o seu estándar. Só coa chegada do Rexurdimento no século XIX, o galego recuperou un cultivo literario continuado.

Nese momento adoita situarse o punto de arranque do proceso de formación do noso estándar actualizado, que se describe en catro fases:

- a) **Galego popularizante** (ata fins do século XIX: Rosalía, Curros...). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), utilizan o galego oral no seu rexistro popular (o que se conservara), cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.
- b) **Galego enxebriante** (ata 1936: Irmandades da Fala...). Os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma escrita e inclínanse por un modelo diferencialista, que marque distancias co castelán. As características máis salientábeis son:
 - Busca dun galego supradialectal, non o dunha zona concreta.
 - Eliminación de castelanismos, moi abundantes na fala.
 - O portugués é de algunha maneira o seu modelo de lingua culta na escrita.
- c) **Galego protoestándar** (ata fins dos anos 1970: autores de Galaxia). Medra a conciencia da necesidade dun modelo culto que apoie a normalización do galego. Caracterízase sobre todo pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos graves e cincunflexos) e pola ortografía inspirada no castelán.
- d) **Galego estándar** (ata a actualidade). O mellor coñecemento lingüístico (grazas ás investigacións e estudos universitarios) axuda a atopar solucións apropiadas para as interferencias e desviacións que aparecían nas etapas anteriores. En **1982** a RAG (Real Academia Galega) e o ILG (Instituto da Lingua Galega) aprobaron as **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, levemente reformadas en 2003, son a norma culta oficial vixente na actualidade.

Para elaborar a norma, os primeiros pasos son a fixación dunha ortografía e a selección da variedade que vai funcionar como estándar. Canto á fixación da ortografía, a proposta normativa combina tres criterios: fonolóxico (unha soa grafía para un único fonema), etimolóxico (a representación dun fonema depende do seu étimo) e transcripción escrita (por exemplo, na representación das palatais nasal e lateral). Canto á selección da variedade estándar, había dúas posibilidades: escoller unha das variedades xeográficas ou elaborar unha **variedade supradialectal** combinando trazos dos diferentes falares; opción esta última que foi elixida.

Malia a súa crecente difusión, o noso estándar atopa aínda algunhas dificultades no seu asentamento definitivo. Entre estes atrancos están unha serie de desviacións que deben ser evitadas e que se clasifican en catro grupos:

-Interferencias lingüísticas. Son un fenómeno de linguas en contacto. As causas que as explican son a situación de contacto e conflito lingüístico entre o galego e o castelán, a semellanza estrutural entre as dúas linguas e a ausencia histórica dun modelo de galego estándar expandido. Son de distinto tipo: ortográficas, fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas.

-Vulgarismos. Son alteracións propias dun uso oral non coidado da lingua, que se trasladan con frecuencia á escrita como a harmonización (DICERE-dicir), a metátese (*Carlros por Carlos), a adición e supresión de fonemas: prótese (*apresentar), epéntese (*ademirar, por “admirar”), paragoxe (*cantare), aférese (“tar”, por “estar”), apócope (“san”, por “santo”) e síncope (*esprito).

-Hipergaleguismos. Xorden dun afán diferencialista, como reacción á influencia do castelán. Ex. *destiño, *humán, *marabila...

-Arcaísmos. Voces tomadas de textos antigos (galego-portugueses) por vía culta. Con elas preténdese compensar a presión do castelán. En moitos casos substitúen voces galegas completamente correctas. Ex. *outo (por alto) ou *vegada (por vez). Mais tamén hai arcaísmos que foron recuperados e integrados plenamente na lingua galega actual, como “grazas”, “ren” ou “des”.

A creación dunha variedade **estándar** e sumamente importante nos procesos de normalización das linguas e cumpre tres funcións: **integración** (é unha forma común a todos, por riba das variedades dialectais), **prestixio** (favorece o compromiso persoal co idioma, determinando no falante o orgullo de posuír unha lingua de seu) e **referencia** (establece o uso “correcto” da lingua e posibilita, pois, o seu estudo).

A fixación do estándar do galego orixinou diferentes posicionamentos a respecto do castelán e do portugués. Dunha banda están os **partidarios da normativa oficial** que, sen negaren a existencia dunha fase común galego-portuguesa, defenden a identidade do galego como lingua autónoma e independente do portugués. Doutra, está a **tendencia reintegracionista** que propugna a aproximación do estándar galego ao portugués de Lisboa para que non acabe diluído no castelán. E, entre o reintegracionismo extremo e a normativa oficial xurdiu outra **tendencia “de mínimos”**, partidaria dun achegamento ao portugués, pero só na planificación do léxico, por considerar pouco viable a completa aproximación ortográfica.

Tras anos de discrepancias, a última **revisión da normativa oficial (2003)**, coa súa preferencia polas formas máis achegadas ao portugués (finais en -bel e -aría, recuperación de formas como “até” e solucións gráficas análogas como “ao”) vixente na actualidade, significou a superación de boa parte das diverxencias entre o oficialismo e unha parte do reintegracionismo, polo que recibiu o nome de **“normativa de concordia”**. Porén, outra parte do reintegracionismo opta, cada vez máis, pola escrita no padrao portugués, como é o caso das autoras Raquel Miragaia ou Teresa Moure. A AGAL (Associação Galega da Língua) aglutina esta tendencia, e promulga a achega da Galiza á lusofonía, a través de actividades culturais (concertos de “Cantos na maré”), alentando o ensino do portugués nas escolas de idiomas e nos centros de ensino secundario ou a aplicación efectiva da Lei Paz Andrade (aprobada en 2014) para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, do Parlamento de Galicia.